



Concello de Ortigueira

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN E MELLORA DE PEMES E MICROPEMES NO CONCELLO DE ORTIGUEIRA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A Alcaldía Presidencia do Concello de Ortigueira, que comprende en particular a área de Desenvolvemento e Promoción Económica, pretende, a través do Instituto Ortegano de Promoción Económica (IOPE) adoptar medidas para paliar o desemprego neste Concello e incentivar a conversión de persoas desempregadas en traballadores ou traballadoras autónomas, así como a posta en marcha de pequenas e medianas empresas, ou o fortalecemento das xa existentes.

Para elo, en base ao artigo 3.3 da Lei galega 5/2014 de 27 de maio, promóvense axudas enmarcadas en dúas liñas de actuación para PEMES e Micropemes co obxecto de axudar a afrontar o reto de emprender proxectos empresariais, dinamizar a pequena e mediana empresa, autónomos e autónomas e ao noso comercio, fortalecendo así a actividade económica local, de conformidade coas bases que se detallan deseguido.

BASE PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto das presentes bases é establecer para o ano 2019, as normas para a solicitude, concesión, xustificación e pagamento, para a concesión de axudas destinadas a creación e instalación de novas empresas no Concello de Ortigueira, así como mellorar a competitividade das empresas xa existentes, contribuíndo ao desenvolvemento da economía local, en réxime de concorrencia non competitiva de conformidade co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia

BASE SEGUNDA.-Financiación

As axudas reguladas por esta orde concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 433 48000 22019000254 do orzamento xeral do Concello de Ortigueira para o exercicio 2019 e o importe global destinado ascende a 35.000 €.

A concesión das axudas queda sometida á condición de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución e serán adxudicadas ata o límite dos créditos dispoñibles na devandita aplicación orzamentaria na data de resolución, tendo en conta os principios de publicidade, igualdade e obxectividade, conforme ao disposto na lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

BASE TERCEIRA.- Liñas de axuda

As dúas liñas de actuación contempladas, son axudas a fondo perdido e incompatibles entre si. O importe máximo da subvención a conceder en calquera das dúas liñas é de 3.000€, excluído o IVE, xa que o IVE non se considerará, en ningún caso, gasto subvencionable.

No caso de que o proxecto solicitado non chegue a contía de 3.000,00 € excluído o IVE, a persoa beneficiaria da axuda percibirá o 100% da contía solicitada na solicitude.

No caso de que o proxecto solicitado supere a contía de 3.000,00 € excluído o IVE, a persoa beneficiario da axuda percibirá o máximo establecido no parágrafo primeiro desta base, isto é, 3.000,00 €.

Liña 1, Ortigueira Emprende:

Axuda destinada a sufragar gastos de instalación para o desenvolvemento da actividade das empresas de nova creación, instaladas no ano 2019 no concello de Ortigueira e que fixeran gastos e/ou investimentos dende o 1 de xaneiro de 2019 ata o 15 de novembro de 2019.

Liña 2, Ortigueira Compite:

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

Axuda con destino a sufragar gastos de renovación ou adecuación da actividade, realizados polas empresas xa instaladas no concello de Ortigueira dende o ano 2015, que fixeran investimentos de mellora entre o 1 de xaneiro de 2015 ata o 15 de novembro do ano 2019.

BASE TERCEIRA.- Gastos subvencionables e contía da axuda

Na Liña 1, Ortigueira Emprende, poderán subvencionarse os seguintes conceptos de gastos que teña a empresa beneficiaria durante o primeiro ano dende a alta fiscal, a saber:

Conta PGC	Descrición da conta
621	Arrendamentos
623	Servizos de profesionais independentes
622	Obras de adecuación de locais para a posta en marcha da actividade
625	Primas de seguro
627	Publicidade e propaganda
217	Equipos para procesos de información.

Na Liña 2, Ortigueira Compite, poderán subvencionarse os seguintes conceptos de gastos que realice a empresa beneficiaria, a saber:

Conta PGC	Descrición da conta
206	Aplicacións informáticas
217	Equipos para procesos de información.
245	Maquinaria e útiles necesarios para a realización da actividade
216	Mobiliario
622	Reparacións e conservación

BASE CUARTA.- Beneficiarios/as

Na Liña 1, Ortigueira Emprende, poderán ser beneficiarios/as destas axudas todas aquelas persoas físicas ou xurídicas, independentemente da forma na que se constituán, que inicien unha actividade empresarial ou abran un novo centro de traballo no Concello de Ortigueira, no ano 2019.

Na Liña 2, Ortigueira Compite, poderán ser beneficiarios/as destas axudas todas aquelas persoas físicas ou xurídicas, independentemente da forma na que estean constituídas, e que teñan unha actividade empresarial de alta fiscal creadas dende o 01/01/2015, no concello de Ortigueira.

En calquera caso a empresa e as instalacións deberán estar situadas e ter o seu domicilio social e fiscal dentro do termo municipal de Ortigueira, e a actividade empresarial deberá desenvolverse de maneira real e efectiva neste termo municipal.

Non poderán ser beneficiarios/as aqueles nos que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e no artigo 13.2 da lei 38/2003 Xeral de Subvencións e/ou incumpran as presentes bases.

BASE QUINTA.- Requisitos:

Os beneficiarios e beneficiarias destas axudas deberán reunir as seguintes condicións:

Estar empadroado/a no Concello de Ortigueira no momento de inicio da actividade.

Estar en situación de desemprego no momento da alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA).

Cumprir cos requisitos establecidos no artigo 10 da lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e no artigo 13 da lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

Non ter débedas pendentes co Concello de Ortigueira

Ter concedidas, de seren necesarias, as licenzas pertinentes para o inicio da actividade, ou si fora o caso xustificar que se están a tramitar.

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

As empresas deberán ter o seu domicilio social e/ou fiscal no termo municipal de Ortigueira.

BASE SEXTA.- Prazo e presentación de solicitudes:

O prazo de presentación será o que se estableza na convocatoria específica do anuncio da Base Nacional de Subvencións, que se publicará no BOP.

As solicitudes das axudas formularanse no modelo oficial publicado como anexo I destas bases, dirixidas ao Sr. Alcalde Presidente e presentaranse na sede electrónica do Concello de Ortigueira, www.concellodeortigueira.gal, ou por calquera das formas sinaladas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 outubro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común

As solicitudes deberán ir acompañadas da copia simple da seguinte documentación:

1. Documento acreditativo da identidade do/a solicitante.
 - DNI ou NIF
 - Copia da Alta no RETA
 - CIF, escritura de constitución e modificacións posteriores e copia do poder acreditativo do representante legal e copia do seu DNI.
2. Declaración responsable de que o/a solicitante cumpre os requisitos para ser beneficiario/a das axudas e non incorre en ningunha das causas de prohibición previstas no artigo 10.2 da lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e no artigo 13.2 da lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
3. Certificados de que o/a solicitante está ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Seguridade Social e coa Comunidade Autónoma.
4. Declaración responsable das axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto ou actividade, polas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou privados.
5. No caso de creación de nova empresa ou novo centro de traballo, documentación xustificativa de que o/a solicitante ten a plena dispoñibilidade da parcela ou infraestrutura onde pretende realizar a instalación da nova empresa ou do novo centro de traballo (contrato de compravenda, contrato de arrendamento, escritura pública.....)
6. Copia simple dos recibos de alugueiro onde consten a retención de IRPF e o IVE
7. Copia simple, ou referencia ao número de expediente da presentación da declaración responsable de inicio da actividade ou da solicitudes de licenza de actividade, e no seu caso, da licenza urbanística de obras.
8. Compromiso do/a solicitante de manter en funcionamento a empresa por un período mínimo de tres anos.
9. Consentimento expreso por parte do/a beneficiario/a autorizando ao Concello de Ortigueira a recoller, en calquera momento, ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Axencia Estatal da Administración Tributaria, ante as distintas Consellerías da Comunidade Autónoma e dos departamentos do Concello, documentación precisa para o control e seguimento das axudas concedidas.
10. Certificación bancaria de titularidade e número de conta.

BASE SÉTIMA. - Defectos de solicitude e outra documentación

O defecto nas solicitudes ou documentación achegada será notificado aos interesados/as polo Concello e daráselles un prazo de dez días hábiles para emendaren os erros ou omisións, con indicación de que, no caso de non dar cumprimento ao requirimento, teranse por desistida a súa petición.

BASE OITAVA.-Normas de instrución do procedemento

O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, segundo a excepción prevista no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

As solicitudes de axuda presentadas en prazo, tramitaranse e resolveranse por orde de entrada no rexistro do expediente completo e ata o esgotamento do crédito orzamentario destinado ao seu financiamento, do que se fará publicidade no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e na páxina web do Concello.

A instrución do procedemento, será iniciada polo AEDL que, unha vez comprobado que o expediente

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

cumpre tódolos requisitos, realizará un informe de proposta de resolución.

BASE NOVENA.- Resolución

A competencia para a resolución de concesión das axudas corresponde ao Sr. Alcalde.

O prazo para ditar e notificar a resolución que proceda, será de tres MESES, computados dende o día seguinte ao da entrada da correspondente solicitude no rexistro xeral do Concello de Ortigueira.

A resolución favorable pola que se conceden as axudas, deberá conter, como mínimo: finalidade concreta para a cal se concede, as condicións na que se outorga, importe da mesma e requisitos para o seu pagamento.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar a unha nova resolución que modifique as condicións e importe da subvención e mesmo a súa revogación.

Contra a resolución que porá fin a vía administrativa os interesados poderán optar por interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación.

BASE DECIMA - Aceptación e renuncia

As persoas ou entidades beneficiarias disporá dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da notificación da resolución, para comunicar a aceptación das condicións contidas nela. Transcorrido o prazo sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

A renuncia á axuda, debidamente motivada, poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido na Lei 39/2015 de 1 outubro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

BASE DECIMO PRIMEIRA.- Obrigas das empresas beneficiarias:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto e realizar a actividade que fundamenta a concesión da axuda durante un tempo mínimo de tres anos.
2. Xustificar ante o Concello de Ortigueira o cumprimento dos requisitos, finalidade e condicións, que determine a concesión ou o disfrute da axuda.
3. Sometemento ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello de Ortigueira.
4. Comunicar ao Concello de Ortigueira calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
5. Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda co concello de Ortigueira, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da axuda.
6. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable en cada caso.
7. Dar a adecuada publicidade do financiamento do proxecto por parte do Concello de Ortigueira.
8. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no título II da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
9. Todo isto sen prexuízo das demais obrigas que resulten en aplicación da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

BASE DECIMO SEGUNDA.- Xustificación e pagamento das axudas:

O prazo para a presentación da documentación xustificativa finalizará o día 30 de novembro de 2019. O pagamento da axuda concedida ao abeiro destas bases farase mediante pago único, previa comprobación por parte do instructor do expediente de que a documentación xustificativa aportada é acorde cos requisitos

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

establecidos, para o que deberán presentar, copia simple da seguinte documentación:

1. Títulos habilitantes da actividade.
2. Copia de alta no modelo censual 036 da Axencia Estatal da Administración e copia do documento de alta no imposto de actividades económicas (IAE) ou certificación da Axencia Tributaria relativa a alta.
3. Copias de facturas e xustificantes de pago dos gastos realizados necesarios para a instalación da empresa ou do novo centro de traballo, xunto co cadro que se presenta no anexo II destas bases reguladoras.
4. Certificados de estar ao corrente coa Seguridade social e coas obrigas tributarias co Estado e a Comunidade Autónoma. A comprobación de estar ao corrente co Concello de Ortigueira farase de oficio.
5. Declaración responsable actualizada do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas como doutros entes públicos ou privados, ou, de ser o caso, de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.
6. Declaración responsable de que se deu cumprimento a finalidade para a que se concedeu a axuda e que a empresa solicitante cumpre os requisitos para ser beneficiario da axuda e non incorre en ningunha das causas de prohibición previstas no artigo 10.2 da lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e no artigo 13.2 da lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
7. Xustificación do cumprimento da obriga de publicidade establecida nas presentes bases (fotografías de carteis, escritos informando aos traballadores....).

Posteriormente a presentación da documentación xustificativa, o instrutor do expediente xirará visita ao beneficiario da axuda coa finalidade de levantar acta de cumprimento das inversións subvencionadas e do cumprimento dos requisitos de publicidade establecidos no punto 7 da base décimo primeira das presente bases.

BASE DECIMO TERCEIRA.- Revogación e reintegro da axuda

O incumprimento por parte do/a beneficiario/a de calquera das condicións establecidas nestas bases, levará a declaración da perda do dereito a axuda, a obriga de restituír as cantidades percibidas e a exixencia do interese legal de demora, dende o momento do pago da axuda.

BASE DECIMO CUARTA.- Sancións

Aos beneficiarios/as das axudas seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas na Lei 9/2007 e lei 38/2003.

BASE DECIMO QUINTA.- Publicidade da concesión das axuda

Os acordos de concesión das axudas adoptados polos órganos do Concello de Ortigueira, faranse públicos mediante anuncios expostos na páxina web do Concello, no taboleiro de edictos e inserción no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, nos termos previstos na Lei 9/2007 e na Lei 38/2003, para o que se entende que a persoa solicitante presta o seu consentimento coa presentación da solicitude.

BASE DECIMO SEXTA.- Réxime xurídico

O non previsto nestas bases e para o seu desenvolvemento, observarase o disposto nas seguintes leis e disposicións:

- a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- b) Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- c) Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- d) Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que será de aplicación nos seus preceptos básicos.
- e) Lei 39/2015 de 1 outubro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

Administrativo Común.

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 A Coruña. Tfno. 981400000. Fax: 981402536



Concello de Ortigueira

**ANEXO I
SOLICITUDE
AXUDAS DESTINADAS Á CREACIÓN E MELLORA DE PEMES E MICROPEMES NO
MUNICIPIO DE ORTIGUEIRA
DATOS DO/A SOLICITANTE:**

APELIDOS E NOME		DNI
DENOMINACIÓN SOCIAL (NO SEU CASO)		
REPRESENTANTE DE (NO SEU CASO)		CIF
DOMICILIO		
CORREO ELECTRÓNICO		
TELEFONO MÓBIL	TELEFONO FIXO	

CONTA BANCARIA ONDE DESEXA QUE SE INGRESE A AXUDA

ENTIDADE:		SUCURSAL:	
CODIGO IBAN			
E	S		

SOLICITUDE DE AXUDA

LIÑA 1, ORTIGUEIRA EMPRENDE	LIÑA 2, ORTIGUEIRA COMPITE
DENOMINACIÓN:	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE:	

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 A Coruña. Tfno. 981400000. Fax: 981402536



Concello de Ortigueira

UBICACIÓN:

Acompaño a seguinte documentación de conformidade co establecido na base sexta das bases reguladoras:

1. Documento acreditativo da identidade do/a solicitante.
 - DNI ou NIF, segundo corresponda
 - Copia da Alta no RETA
 - CIF, escritura de constitución e modificacións posteriores e copia do poder acreditativo da persoa representante legal e copia do seu DNI.
2. Declaración responsable de que o/a solicitante cumpre os requisitos para ser beneficiario/a das axudas e non incorre en ningunha das causas de prohibición previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e no artigo 13.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
3. Certificados de que o/a solicitante está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Comunidade Autónoma.
4. Declaración responsable das axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto ou actividade, polas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou privados.
5. No caso de creación de nova empresa ou novo centro de traballo, documentación xustificativa de que o solicitante ten a plena dispoñibilidade da parcela ou infraestrutura onde pretende realizar a instalación da nova empresa ou do novo centro de traballo (contrato de compravenda, contrato de arrendamento, escritura publica.....)
6. Copia simple dos recibos de alugueiro onde consten a retención de IRPF e o IVE
- 7 Copia simple de títulos habilitantes da actividade (presentación da declaración responsable de inicio da actividade ou da solicitudes de licenza de actividade, e no seu caso, da licenza urbanística de obra).
8. Compromiso do/a solicitante de manter en funcionamento a empresa por un período mínimo de tres anos.
9. Consentimento expreso por parte da empresa beneficiaria autorizando ao Concello de Ortigueira a recoller, en calquera momento, ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Axencia Estatal da Administración Tributaria, ante as distintas Consellerías da Comunidade Autónoma e dos departamentos do Concello, documentación precisa para o control e seguimento das axudas concedidas.
10. Certificación bancaria de titularidade e número de conta.

O/a solicitante declara que coñece e acepta as presentes bases reguladoras da axuda.

Ortigueira, a ____ de _____ de 2019
Sinatura do/a solicitante

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 A Coruña. Tfno. 981400000. Fax: 981402536



Concello de Ortigueira

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE AXUDAS

APELIDOS E NOME:	DNI
DENOMINACIÓN SOCIAL (NO SEU CASO):	
REPRESENTANTE DE (NO SEU CASO):	CIF
DOMICILIO:	

Solicitante dunha axuda ao Concello de Ortigueira conforme ao publicado nas *bases reguladoras para a concesión de axudas destinadas a creación e mellora de PEMES e MICROPEMES no municipio de Ortigueira* (BOP nº ____, do ____ de ____ do 2019).

DECLARA QUE:

PRIMEIRO:

NON ten concedidas/solicitadas axudas para a realización de proxectos para o mesmo fin.

TEN concedidas/solicitadas as axudas que a continuación se detallan para a realización de proxectos para o mesmo fin:

Organismo/sociedade/entidade pública á que lle foi solicitada a axuda	Concepto axuda (salarial ou outros)	Importe	Financiamento europeo: Si/Non	Estado: Solicitada/concedida

SEGUNDO: Que cumpro cos requisitos establecidos no artigo 10 do Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En Ortigueira, a ____ de ____ de 2019

Asdo.:

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

AUTORIZACIÓNS

APELIDOS E NOME:	DNI
DENOMINACIÓN SOCIAL (NO SEU CASO):	
REPRESENTANTE DE (NO SEU CASO):	CIF
DOMICILIO:	

Solicitante dunha axuda ao Concello de Ortigueira conforme ao publicado nas *bases reguladoras para a concesión de axudas destinadas a creación e mellora de PEMES e MICROPEMES no municipio de Ortigueira* (BOP nº _____, do _____ de _____ do 2019).

AUTORIZO

Expresamente ao Concello de Ortigueira a recoller, en calquera momento, ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Axencia Estatal da Administración Tributaria, ante as distintas Consellerías da Comunidade Autónoma e dos departamentos do Concello, documentación precisa para o control e seguimento das axudas concedidas.

En Ortigueira , a _____ de _____ de 2019

Asdo.:

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 A Coruña. Tfno. 981400000. Fax: 981402536



Concello de Ortigueira

COMPROMISO

APELIDOS E NOME:	DNI
DENOMINACIÓN SOCIAL (NO SEU CASO):	
REPRESENTANTE DE (NO SEU CASO):	CIF
DOMICILIO:	

Solicitante dunha axuda ao Concello de Ortigueira conforme ao publicado nas *bases reguladoras para a concesión de axudas destinadas a creación creación e mellora de PEMES e MICROPEMES no municipio de Ortigueira* (BOP nº _____, do _____ de _____ do 2019).

COMPROMÉTOME

A manter en funcionamento a actividade empresarial subvencionada por un período mínimo de tres anos.

En Ortigueira , a _____ de _____ de 2019

Asdo.:

ANEXO II (FASE DE XUSTIFICACIÓN)

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 A Coruña. Tfno. 981400000. Fax: 981402536



Concello de Ortigueira

XUSTIFICACIÓN DE AXUDAS DESTINADAS Á CREACIÓN E MELLORA DE PEMES E MICROPEMES NO MUNICIPIO DE ORTIGUEIRA

DATOS DO/A BENEFICIARIO/A :

APELIDOS E NOME		DNI
DENOMINACIÓN SOCIAL (NO SEU CASO)		
REPRESENTANTE DE (NO SEU CASO)		CIF
DOMICILIO		
CORREO ELECTRÓNICO		
TELEFONO MÓBIL		TELEFONO FIXO

Acompaño a seguinte documentación de conformidade co establecido na base décimo segunda das bases reguladoras:

1. Títulos habilitantes da actividade de non terse presentado coa solicitude
2. Copia de alta no modelo censual 036 da Axencia Estatal de Administración e copia de alta no imposto de actividades económicas (IAE) ou certificación da Axencia Tributaria relativa a alta.
3. Copias de facturas e xustificantes de pago dos gastos realizados necesarios para a instalación da empresa ou do novo centro de traballo.
4. Certificados de estar ao corrente coa Seguridade Social e coas obrigas tributarias co Estado, e a Comunidade Autónoma.
5. Declaración responsable actualizada do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas, como doutros entes públicos ou privados, ou, de ser o caso, de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.
6. Declaración responsable de que se deu cumprimento a finalidade para a que se concedeu a axuda e que o/a solicitante cumpre os requisitos para ser beneficiario/a da axuda e non incorre en ningunha das causas de prohibición previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e no artigo 13.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións
7. Xustificación do cumprimento da obriga de publicidade establecida nas presentes bases (fotografías de carteis...)
8. Certificado expedido pola Axencia Tributaria (AEAT), onde conste o epígrafe do IAE da empresa ou traballador/a autónomo/a, e mesmo a data na que foi dado de alta.

Ortigueira, a ____ de _____ de 2019

Sinatura do/a solicitante

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE AXUDAS (XUSTIFICACIÓN)

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

APELIDOS E NOME:	DNI
DENOMINACIÓN SOCIAL (NO SEU CASO):	
REPRESENTANTE DE (NO SEU CASO):	CIF
DOMICILIO:	

Solicitante dunha axuda ao Concello de Ortigueira conforme ao publicado nas *bases reguladoras para a concesión de axudas destinadas a creación e mellora de PEMES e MICROPEMES no municipio de Ortigueira* (BOP nº, do de do 2019).

DECLARA QUE:

PRIMEIRO:

NON ten concedidas/solicitadas axudas para a realización de proxectos para o mesmo fin.
TEN concedidas/solicitadas as axudas que a continuación se detallan para a realización de proxectos para o mesmo fin:

Organismo/sociedade/entidade pública á que lle foi solicitada a axuda	Concepto axuda (salarial ou outros)	Importe	Financiamento europeo: Si/Non	Estado: Solicitada/concedida

SEGUNDO: Que se deu cumprimento a finalidade para a que se concedeu a axuda e o/a solicitante cumpre os requisitos para ser beneficiario/a da axuda e non incorre en ningunha das causas de prohibición previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e no artigo 13.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

En Ortigueira , a ____ de _____ de 2019

Asdo.:

RELACIÓN DE FACTURAS XUSTIFICATIVAS

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

APELIDOS E NOME:	DNI
DENOMINACIÓN SOCIAL (NO SEU CASO):	
REPRESENTANTE DE (NO SEU CASO):	CIF
DOMICILIO:	

Nº ORDE	PROVEDOR	CONCEPTO	Nº FACTURA	DATA FACTURA	DATA PAGO	IMPORTE (SEN IVE)

Achéganse a esta relación as facturas enumeradas e os seus documentos bancarios acreditativos do pagamento, de acordo co número de orde asignado. Se non dispón de espazo suficiente, faga unha relación en folia á parte.

Lémbreselle que a xustificación do pagamento dos gastos obxecto destas axudas deberá acreditarse a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario de pagamento. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento.

Non se admitirán como xustificantes os obtidos a través de internet se non están validados pola entidade bancaria.

En Ortigueira , a ____ de _____ de 2019

Asdo.:

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 A Coruña. Tfno. 981400000. Fax: 981402536